

FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Conciliación. Implementáronse medidas para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
	Entidade que a promove:
	CTAG
	Concello:
	O Porriño, Pontevedra

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

A Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia) é unha entidade adicada á investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no sector da automoción. Na fase inicial, as políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral non estaban formalizadas nin eran coñecidas por todos os/as empregados/as. Isto xeraba unha incerteza entre os traballadores, especialmente entre as mulleres, sobre as posibilidades reais de compaxinar as súas responsabilidades persoais e familiares coa súa carreira profesional. A falta dun catálogo claro de permisos e medidas de conciliación contribuía a unha baixa utilización dos beneficios existentes, o que impactaba negativamente na calidade de vida e o benestar laboral.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

A empresa CTAG introduciu un catálogo detallado de todas as medidas e permisos de conciliación dispoñibles, que foi difundido desde permisos parentais, redución da xornada ata flexibilidade horaria e teletraballo, permitindo que os empregados adapten a súa xornada laboral ás súas necesidades persoais e familiares. Ademais, xerouse un módulo de sensibilización sobre conciliación no proceso de acollida para o novo persoal empregado, garantindo que todas as persoas coñezan desde o inicio os seus dereitos nesta materia.

RESULTADOS OBTIDOS

A implementación destas medidas favoreceu unha maior utilización dos permisos e opcións de flexibilidade laboral, mellorando a conciliación entre a vida persoal e profesional do persoal. Tanto homes como mulleres comezaron a facer un uso máis equitativo dos beneficios de conciliación, o que reduciu o estrés e mellorou a satisfacción laboral. O aumento no uso destas políticas tamén tivo un impacto positivo na retención do talento, xa que os empregados valoran a posibilidade de equilibrar mellor as súas responsabilidades dentro e fora do traballo.